



PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA TRADICIÓN ORAL NA CONTORNA DE VILADONGA (3). CONCELLO DE CASTRO DE REI

Gloria Abelleira Vega / Carolina Pérez Pérez

Ana María Rubiero da Pena



Nesta nova edición do *Boletín Croa* e seguindo unha orde cronolóxica dos traballos de campo que realizamos nestes últimos anos, amosamos outras dúas enquisas feitas aos veciños da contorna do castro de Viladonga, nas que de novo atopamos temas moi interesantes, algúns vinculados ao patrimonio arqueolóxico e outros moitos a ese patrimonio inmaterial que enriquece a nosa historia recente.

Enquisa: Castro de Ribeiras de Lea. 13 de marzo de 2015)

JESÚS DOCANDO DOCANDO

(San Estevo de Loentia)

“Nacín no ano 20 en Loentia e teño 94 anos, fago 95 para o 14 de Septiembre. De 18 marchei para a guerra hasta os 24, ós 25 caseime, tiña que casar”

Guerra

A Guerra de 1936 en España, como todas as guerras, foi devastadora para a poboación, foron moitos os galegos mobilizados que tiveron que estar anos na fronte, nalgúns casos varios membros da mesma familia; Jesús foi un deles e ao preguntarlle falounos das súas vivencias.

“Estiven na parte de Levante, Teruel, Castellón de la Plana, Valencia e todo por aí”

“..Non pasei tódolos seis anos na Guerra porque había 13 quintas, do 27 ó 41 e eu era do 41 e entónces... e un compañeiro meu que era de Vigo, chamábanlle Manolo, zuáronlle as balas nos oídos e todo e non lle tocou nada de nada, a min tocoume nunha perna un pouco, xa non quixen ir ó hospital, que me faga as curas aí o practicante, porque si te mandaban ó hospital despois mandábante a outro regimiento, e alí estabamos xente conocida, como a familia, e eu quería mellor quedar alí que non..., faime as curas aí, o practicante, que eu non vou para o hospital e así foi e seguín alí hasta que se acabou a Guerra.... e o rapaz

este que eu dicía que non lle pasaba nada, despois acabouse a Guerra, pasamos a Valencia, de Valencia destináronnos a Galicia, cada un ó regimiento que nos pertencía e vindo no tren deulle un patatús e caeu morto....”

“..Acórdome dunha carta que lles mandei ó meu pai e á miña nai cando estaba na Guerra:

Para mis padres queridos
dos letras voy a mandar,
sacarles de la pena
que por su hijo tendrán.

Madrecita de mi vida
que llorando te dejé,
ten valor no suspires
que tu hijo está muy bien.

Ha sido la patria España
que me apartó de ti,
una España grande
por la que hay que luchar y morir.

Cuando voy hacia el frente
aún iza la bandera,
luchando como un hombre.

Quiero resaltar tu nombre
con la sangre de mis venas,
y cuando yo vuelva
orgullosa te verás.

Y mandarte una medalla
con la Virgen del Pilar
y para el padre querido
la bandera nacional.

Contesta pronto esta carta,
te lo pido por favor,
y al recibir estos saludos
se me ensancha el corazón.”

Camiños Reais

No S.XVIII coa chegada a España da dinastía borbónica proxéctase unha rede principal de camiños que iría unir a capital do Estado coas poboacións máis importantes do mesmo e estas cunha rede secundaria, son os coñecidos como Camiños Reais; espazos utilizados acotío que en moitos casos aproveitaron as anteriores calzadas romanas.

Os veciños da contorna de Viladonga aos que preguntamos refírense ao uso dos camiños históricos como unha rede viaria necesaria nos seus desprazamentos, isto é o caso, por exemplo, do tramo de camiño existente entre Viladonga e a fonte de Couto de A, hoxe intransitable e recentemente estudado e publicado por Ricardo Polín¹.

Cando a Jesús lle preguntamos polos Camiños Reais fálanos de dous tramos, un que saía dende Castro de Ribeiras de Lea cara á parroquia de Ansemar no concello de Castro de Rei e outro cara á parroquia de Arcos no concello de Outeiro de Rei.

“Un (Camiño Real) sae de aquí de Castro (Castro Ribeiras de Lea), por exemplo, e vai a Ansemar e sale á carretera de Meira”. “... Agora hai carreteras”



“E o outro sale de aquí de Castro (Castro Ribeiras de Lea) e pasa por, e vai por Arcos”. “... pola Ponte romana (de Duarría)... pasa ao lado da Ponte romana”

A Jesús tamén lle preguntamos polo chamado barrio do Real, preto de Viladonga, queríamos saber se o topónimo deste barrio respondía a unha posible relación cun posible camiño real que pasara por el.

“(O barrio do Real) non ten nada que ver co Camiño Real. O camiño era un camiño que iba seguido, un camiño amplo, e circulaba moito personal para aquí para a feira de Castro e eso, agora xa todo é en coches pero antes todo era a patitas”

“Era un camiño de terra, terra e auga, coa lama non era moi bo camiño pero bueno, íbase pasando por él”

¹ POLÍN, Ricardo. (2015): “O Camiño Medieval e Real de Meira nos Castros de Viladonga. Da súa marxinação no Camiño Xacobeo do Norte e no ‘Camiño natural de San Rosendo’, en *Croa*, N° 25, pp. 48-57.





Medorras

As medorras, medoñas, mámoas, modorras, madorras... son enterramentos prehistóricos de época megalítica (inicios do IV e todo o III milenio) con ou sen estrutura pétreo no interior, cuberta de terra e forma circular.

Ao longo da historia, estes túmulos foron destruídos ou violados na procura de “tesouros” ou, máis recentemente, pola necesidade de acondicionar o terreo para uso de explotacións agrícolas e forestais, apertura de vías de comunicación, etc.

“...Medorras había unha pero agora está metida en forestales, unha medorra pequena, tiña dentro un furado, e logo despois había que subir arriba e despois había un furado, cando eramos pequenos e andabamos coa facenda pois íbamos brincar alí a medorra”

O Castro de Viladonga e a presenza de mouros

A tradición popular vinculada ao patrimonio arqueolóxico refírese constantemente ás mouras e aos mouros coma seres dunha raza diferente, antigos poboadores constantemente relacionados con mámoas, castros, ríos, fontes, covas... No castro de Viladonga, xa no traballo feito por Felipe Senén nos anos 70 sobre “O Folclore do Castro de Viladonga e da súa bisbarra” aparecen varias referencias á súa presenza neste xacemento². Nesta enquisa atopamos de novo relatos sobre estes personaxes que a través dun túnel subterráneo levaban aos seus cabalos e bestas beber ao río Azúmara.

2 “No Castro vivían os romanos i os mouros...” (M. Álvarez). “Alí, sempre se dixo que viviran os fenicios i despois os mouros” (J.B. Iglesias). “A xente de antes decía que alí viviran os mouros” (C. da Vega). “No Castro vivían os mouros hastra que os botou de España o Apóstol Santiago...” (R. Abelleira). “Os que fixeron o Castro, din os antigos, foron os romanos cando viñeron a Lugo... despois os mouros” (M. Castiñeiras), en LÓPEZ GÓMEZ, Felipe S. “O folclore do castro de Viladonga e da súa bisbarra”, p. 624. “Nas Trabes, na finca de Ramón de Palmeiro hai unha boca pola que os mouros levaban a bebelos cabalos...” (C. da Vega), p. 625. “Algús vecinos de por eiquí fixéronse ricos a conta do Castro e do ouro que deixaron os mouros” (M. Castiñeiras), p. 629.

“Eu teño oído que antigamente levaban os moros as bestas por un canal ó río a beber... as bestas si, por un canal baixo terra e levábanas ó río a beber que quedaba cerca: “Ó río Azúmara desde o castro (Castro de Viladonga)”

Anécdotas

Na conversa con Jesús tamén tivemos ocasión de coñecer algún relato sobre a súa nenez que deixan entrever acontecementos e costumes dun tempo dado.

“Teño levado moitos paos por traste.... no medorro este que che decía antes, meu pai fora a Cuba e traía unha bufanda grande e mandáranme gardar un rebaño de cabras, tiñamos un can grande e eu levaba o can comigo e entonces prendín o can pola bufanda e ateino a un toxo, dentro do furado ese do medorro e despois eu escapei pa baixo a ver que facía, cando me dou cuenta chega coa bufanda en dous pedazos, cortouna cos dentes e saliu con ela e despois meu pai....”

“E outra vez estabamos, meus pais iban de viaxe, e estabamos os irmaos, eramos sete irmaos e a maior era a que, claro, facía a comida e un quería que lle botase primeiro a el, e outro a outro, e outro a outro, eu era o cinco, a min non me tocaba de primeiro, eu collín unha taza, que había unhas tazas antigamente de barro, collín unha taza e metina no pote, saqueina e comín antes cos outros...”

Ruadas

O tempo de lecer é outro dos grandes recordos. Ademais das diferentes festas e feiras, aproveitábase calquera traballo comunal para pasar un momento de vagar, a música, o baile, os xogos, as adiviñas, en xeral, a creatividade do pobo manifestábase nestes encontros.

“...Bailabamos, xogabamos un pedazo,... xuntábanse as mozas na casa para bailar, estabamos nunha casa de noite mozas e mozos”. “Nesa casa había unha moza ou dúas, pois era onde se facían as rúas”

“..Bailábase moito solto... Había gaita gallega, e cando non había gaita cantaban:

Telo, telo, telo
e non o queres dar
e despois de vella
pódelo salar.

Pódelo rascar,
pódelo salar
telo, telo, telo
e non o queres dar.

Una vieja se cayó
de lo alto de una Iglesia
no se hizo nada en los pies
cayó de cabeza.

Eu subínme a unha figueira
por fartarme de tomates
veu a vella dos pimentos
deixalos para os rapaces.

Eu pedinllo a unha nena
xunto ao boqueiro do prado
contestoume a picaronas
que estaba o prado mollado.

Miña nai por me casar
ofreceume canto tiña
e despois de casado
mandoume unha galiña.

Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
unha semana enteira
esa si que é muiñada”

“Xogabamos á ‘garrocha’, pasábana por baixo das pernas, todos sentados en redondo e andaban pasando unha zapatilla por debaixo das pernas e o que a daba collido era o que ganaba... Primeiro xogar a baraxa e despois bailar, daquela xogábase máis a birisca que ao tute”

Bibliografía

CAAMAÑO GESTO, José Manuel. (2007): *A gran historia de Galicia. Prehistoria de Galicia. O Paleolítico e o Epipaleolítico. O Neolítico e o Megalitismo*. Volume I. A Coruña: Ed. La Voz de Galicia.

LLINARES, María del Mar. (1990): *Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular gallego*. Serie Interdisciplinar, 139. Madrid: Ed. Akal Universitaria.

LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén. (1979): “O folklore do Castro de Viladonga i da sua bisbarra” (publicado en *Actas del XV Congreso Arqueológico Nacional -Lugo 1977-*, Zaragoza 1979, pp. 623-630). “Recuperando textos (II)”, *Croa*, Nº 7, 1997, pp. 6-9.

POLÍN, Ricardo. (2015): “O Camino Medieval e Real de Meira nos Castros de Viladonga. Da súa marxinación no Camiño Xacobeo do Norte e no ‘Camiño natural de San Rosendo’”, en *Croa*, Nº 25, pp. 48-57.

RIELO CARBALLO, José. (2005): *Los que fueron a la guerra, municipio de Pol*. Lugo: Deputación de Lugo.

SANTOS ALFONSO, Alfonso. (2003): *La guerra civil en Lugo, años 1937, 1938 y 1939*. Serie Documentos 181. A Coruña: Edicións Do Castro.

VAQUEIRO, Vitor. (2003): *Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria*. Mos (Vigo): Editorial Galaxia. Guías Galaxia.